

la voz de la
escuela
www.prensaescuela.es



ADRIÁN GONZÁLEZ

Como consecuencia del cambio climático, que «avanza más rápido que nuestra respuesta», según Guterres, los fenómenos meteorológicos extremos son cada vez más extremos

2018. Una alerta roja para nuestro mundo

Mensaje de Año Nuevo de Antonio Guterres, secretario general de las Naciones Unidas a toda la comunidad internacional

Hemos elegido como primera noticia de La Voz de la Escuela 2018 este mensaje que encierra los principales problemas que, a nivel internacional, preocupan a todos y pueden servirnos de referencia en la prioridad de noticias que podemos seleccionar para nuestro trabajo escolar. El discurso es breve, muy concreto y cercano, dirigido a los «queridos amigos y amigas de todo el mundo», utilizando un lenguaje sencillo, directo y claro.

Comienza recordando el llamamiento que hizo al acceder al cargo hace un año, deseando que el 2017 fuera un año de paz, pero afirma que, «lamentablemente, el mundo ha retrocedido en aspectos fundamentales». En consecuencia, decide: «En este día de Año Nuevo del 2018 no quisiera hacer ningún llamamiento, sino lanzar una señal de alarma: una alerta roja para nuestro mundo».

Claves de la alerta roja. Podrán servir-

nos, sin duda alguna, en la selección de noticias que a lo largo del curso pueden marcar gran parte de nuestro programa de estudio de noticias. Al menos debe tenerse en cuenta para compartir lo que de verdad preocupa al mundo entero y contribuir a resolverlo de algún modo no solo con nuestra actitud y conocimientos, sino también poniendo en práctica nuestra ayuda y aportaciones en la sociedad en que vivimos.

■ «La ansiedad mundial en torno a las armas nucleares está al nivel más alto desde la Guerra Fría».

■ «El cambio climático está avanzando más rápido que nuestra respuesta».

■ Otra de las preocupaciones fundamentales tiene mucho que ver con el reparto injusto y la atención a las necesidades básicas de las personas: «Las desigualdades crecen», «Vemos horribles violaciones de los derechos humanos»,

«El nacionalismo y la xenofobia van en aumento».


LLAMADA A LA COMUNIDAD INTERNACIONAL

El mensaje de Año Nuevo se centra, por tanto, en lograr la unidad de la comunidad internacional en diversos puntos de ayuda:

■ **Convicción:** Es la primera palabra clave para lograr esa ayuda: «Tengo la firme convicción de que podemos hacer de nuestro mundo un lugar más seguro».

■ **Resolución:** No basta con analizar los problemas, es necesario dar estos cuatro pasos bien definidos: «Resolver los conflictos, superar el odio, defender los valores compartidos, lo haremos si lo hacemos juntos».

Triple instancia a los dirigentes: Reducir diferencias, superar las divisiones, restablecer la confianza uniendo a las personas en torno a objetivos comunes.



actividades

■ **Términos:** Alerta roja, paz, alarma, armas nucleares, guerra fría, cambio climático, desigualdades, violaciones derechos humanos, nacionalismo, xenofobia, paz, conflictos, odio, valores...

Aunque lo más importante no es saber qué significa cada una de esas palabras, sino la gravedad con la que anuncian el momento en que vivimos.

■ **Dirección obligatoria:** «La unidad es el camino». «Les deseo un 2018 de paz y salud. Muchas gracias».

■ **Respuesta:** ¿Cuál puede ser nuestra respuesta, personal, en el colegio? ¿Qué valor tiene el atender a noticias internacionales, mucho más allá de lo que podamos ver cada día a nuestro alrededor? Tu opinión, tu discusión en clase sobre estos grandes problemas. Aquí puedes ver el mensaje: goo.gl/2JgLxY

> 4-5

A importancia de conservar a boa saúde dos ríos



> 6

EuroVelo, un proxecto para unir toda Europa en bici



> 7

La lechuza es el ave del año elegida por los ornitólogos



Visita la web de
PRENSA-ESCUELA
www.prensaescuela.es

Noticias do calendario 2018

Existen polo menos tres clases de noticias: as que non se esperan e se presentan sen permiso algún; as que se esperan, pero non se sabe moi ben o seu perfil e tempo exacto; as que xa sucederon e se garda memoria delas. O calendario de festividades mundiais que, por exemplo, nos ofrece a ONU. Para cada ano teñen o seu calendario ben marcado e, ademais, véselles a súa intención: conmemóranse feitos, personaxes e festividades para non esquecer momentos especiais. Os organismos que teñen sorte e buscan mellorar a súa

existencia e obxectivos proclaman nada menos que anos enteiros para dar relevancia á súa causa: así, por exemplo, o Ano do Patrimonio Cultural Europeo, o Centro de Noticias da ONU, os biólogos e as súas matemáticas e incluso a Wikipedia, que quere abranguer incluso as noticias do futuro. Para eles e para outros máis silenciosos, pero que merecían darse a coñecer, este Panel da 2 e que vivan as boas noticias para todo o ano.

> **Jesús Garrido** / chuchogarrido@icloud.com



DÍAS MUNDIAIS 2018

As conmemoracións que nos recorda a ONU comezan coa cita do 1 de xaneiro, Ano Novo, e o 27 recórdase xa o Día Internacional en Memoria das Vítimas do Holocausto. Finaliza co Día Internacional da Solidariedade Humana (20 de decembro) e co Nadal (25 de decembro). En total, máis de 170 conmemoracións ao longo de todo o ano, distribuídas desta forma:

Xaneiro: 1. Febreiro: 12. Marzo: 27. Abril: 22. Maio: 19. Xuño: 18. Xullo: 7. Agosto: 12. Setembro: 13. Outubro: 21. Novembro: 15. Decembro: 10

■ **ACTIVIDADE:** Consulta tamén as ligazóns en vermello, que indican normalmente o organismo responsable da celebración e o informe da súa actividade, que pode ser útil para o desenvolvemento de información e recursos: goo.gl/zjh3E1

ANO EUROPEO DO PATRIMONIO CULTURAL

O 9 de febreiro do 2017, os representantes do Consello e do Parlamento Europeo alcanzaron un acordo provisional sobre a celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural (2018). O patrimonio cultural abarca recursos do pasado en moitas formas e aspectos, entre eles, monumentos, paraxes, tradicións, coñecementos transmitidos e expresións da creatividade humana, así como as coleccións conservadas e xestionadas por

museos, bibliotecas e arquivos.

Desde fai uns 30 anos, a Unión Europea reforza a importancia do patrimonio cultural pasado e presente das cidades europeas, mediante o programa Capital Cultural Europea. Desde que Atenas ostentou este título por primeira vez en 1985, 54 capitais europeas foron elixidas en edicións sucesivas, entre elas as españolas Madrid, Santiago de Compostela, Salamanca e San Sebastián. Este recoñecemento pon de relevo a riqueza e a diversidade cultural de Europa, así como a súa herdanza e historia compartida. Este ano as capitais culturais europeas serán a capital de Malta, A Valeta, e Leeuwarden, unha cidade de Frisia, nos Países Baixos.

■ **ACTIVIDADE:** Selo de Patrimonio Europeo: 29 lugares. Que é? Que lugares o teñen? Que significa? (goo.gl/GiURv2)

CENTRO DE NOTICIAS ONU

Ademais da noticia máis ampla sobre anos internacionais declarados pola ONU, existe tamén o Centro de Noticias ONU, que día a día, ao longo de cada mes, vai indicando os problemas que teñen unha resonancia mundial. Así, por exemplo, no dez primeiros do mes de xaneiro 2018 figuran noticias como estas, que teñen unha especial importancia para



A Valeta (arriba) e Leeuwarden, dúas cidades que este ano celebrarán ter sido elixidas capitais culturais europeas. Fotos: Kirkandmimi, Willem Zylstra

a escola e, en xeral, para o mundo da educación:

- Mortal comezo de ano 2018 para centos de inmigrantes que cruzan o Mediterráneo.
- Miles de nenos rohingyas permanecen esquecidos no estado de Rahkine, alerta Unicef.
- Máis de cinco millóns de nenos somalís reciben vacina contra o xarapón en campaña masiva.
- Chamada a todas as nacións para

asegurar a supervivencia dos recentemente nados: dos aproximadamente 366.000 bebés que naceron durante o 1 de xaneiro, un 90 % fixérono nas rexións menos desenvolvidas do mundo, segundo os cálculos do fondo da ONU para a Infancia (Unicef).

■ **ACTIVIDADES:** Tes acceso a todas estas noticias e as que van sucedendo cada día do mes durante todo o ano, seguidas tamén dun estudo e comentario breve sobre como pode establecerse a nosa colaboración: goo.gl/r1583R.

ANO INTERNACIONAL DA BIOLOXÍA MATEMÁTICA

Proclamado por dúas sociedades: a European Mathematical Society (EMS) e a European Society for Mathematical and Theoretical Biology (ESMTB), os principais obxectivos desta celebración son sinalar o incremento e a importancia das aplicacións das matemáticas á bioloxía e ás ciencias da vida e fomentar esta interacción. É un camiño de ida e volta onde non só se aplican as matemáticas, senón que a bioloxía proporcionou importantes desafíos para ser afrontados polos matemáticos.

■ **ACTIVIDADES:** Consulta este blog publicado por Matemáticas e as súas Fronteiras: goo.gl/iApmjC

Estudiar con la tele puesta... es muy complicado!

Los padres son los responsables de favorecer un buen ambiente de trabajo en casa

En la casa de Bea, estudiante de 1.º de ESO, hay dos televisiones: una en su habitación y la otra en el cuarto de estar, justo al lado de un ordenador portátil con acceso a Internet. De hecho, cada tarde ella y su hermana pequeña, que está en 5.º de primaria, se pelean para poder utilizarlo. Así que a Bea la tarde se le pasa casi sin darse cuenta entre ver la tele, merendar, conectarse a Internet y mandar mensajes por el móvil. Si tiene deberes, se tumba sobre la cama para hacerlos y pone su música favorita de fondo. Aunque la postura no es muy cómoda, lo cierto es que en toda la casa no hay una mesa despejada para que pueda estudiar. Así que en menos de media hora suele dar por finalizadas sus tareas escolares. En cuanto llegan sus padres del trabajo, alrededor de las 8, ya apenas le queda tiempo para charlar un rato, ducharse y cenar. A las 10 se suele ir a la cama, pero todavía no es su hora de dormir: no se perdería por nada del mundo su serie televisiva favorita, que acaba pasada la medianoche. Por eso le cuesta tanto levantarse por la mañana, aunque en menos de diez minutos suele

estar lista para coger el autobús que la lleva al instituto. Eso sí, se va sin desayunar y sin parar de bostezar...

El estilo de vida descrito en el anterior ejemplo se corresponde con la realidad de una buena parte de los estudiantes de la educación obligatoria: puede que en el colegio o en el instituto se comporten como alumnos aplicados e interesados en la materias, pero luego en casa no hacen nada, con lo que nunca llegan al nivel que se les exige. Y no se les puede echar toda la culpa a ellos.

Los padres son los responsables de proporcionar a sus hijos ciertos recursos básicos como el espacio, el tiempo y el ambiente necesarios para continuar con las obligaciones escolares en casa. Y, salvo excepciones, no hay argumentos posibles para justificar que un estudiante no disponga en su casa de un lugar adecuado de trabajo. Incluso la mesa de la cocina puede ser un buen sitio siempre y cuando esté disponible durante un tiempo razonable.

Un lugar de estudio adecuado debe ser:

■ **Un lugar fijo.** Es importante disponer

de un espacio propio en el que sentirse cómodo. Una mesa amplia y una silla confortable, a una altura proporcional, junto a una buena iluminación son más que suficiente. Si además la luz natural entra por el lado izquierdo, perfecto.

■ **Sin ruidos.** Hacer las tareas escolares oyendo la televisión o con la música a tope complica en gran medida las tareas intelectuales, sobre todo cuando estas requieren mucha concentración. Sin embargo, para algún tipo de actividad más relajada o creativa la música de fondo puede incluso resultar de ayuda.

■ **Bien ventilado.** Las células del cerebro agradecen el oxígeno. Así que, a la hora de ponerse a estudiar, es mejor hacerlo en un lugar bien aireado.

■ **Con buena temperatura.** La temperatura ideal para el trabajo escolar se estima en unos 20 grados. El frío provoca malestar y nerviosismo, mientras que el calor excesivo adormece... ¡y no es lo que queremos!

> **Ana T. Jack**

anatjack@edu.xunta.es

ep ESCUELA DE PADRES

□ **TEMA DEL MES:** Aprender a estudiar.

□ **ETAPA:** Educación primaria y secundaria.

□ **LA FRASE:** No dejes para mañana lo que puedas hacer hoy.

□ **COMPORTAMIENTOS QUE SE DEBEN EVITAR:** Permitir que el teléfono móvil esté omnipresente cuando toca ponerse a hacer los deberes.

□ **ALGUNAS CLAVES:** Acondicionar un lugar de estudio confortable, práctico y personalizado, alejado de distracciones y ruidos, ayuda a establecer hábitos y a mejorar la capacidad de concentración.

Para saber más: Información y vídeos sobre cómo crear un clima adecuado de estudio en casa (Intef, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte) en el enlace <https://goo.gl/yrTFTG>



Tener la televisión encendida será un motivo de distracción seguro para los estudiantes

«Eso es perder el tiempo»

Uno de los mayores problemas con los que nos podemos encontrar a la hora de convencer a nuestro hijo para que adecúe su lugar de estudio y mejore su método de trabajo es que nos diga que «eso es una pérdida de tiempo», «yo ya sé de sobra estudiar», «así, con tanta planificación y tanto esquema, tardo mucho más». Les cuesta, lógicamente, ver que en realidad se trata de estudiar (y rendir más) en menos tiempo.

■ Para empezar a superar resistencias, puedes plantearle que reflexione sobre

los siguientes diez puntos clave, que le ayudarán a ver en qué puede mejorar su organización:

■ En casa tengo un lugar de estudio bien acondicionado y fijo, alejado de distracciones (teléfono móvil, tableta, televisión...).

■ Dedico alrededor de dos horas diarias al estudio, dependiendo de si hay exámenes o no.

■ Durante ese tiempo, aunque haga algún pequeño descanso, en general no pierdo la concentración.

■ En clase estoy atento a las explica-

ciones y participo activamente (hago preguntas si no entiendo algo, tomo apuntes, participo en los debates, trabajo duro para resolver los problemas de Matemáticas...).

■ Utilizo un buen método de estudio con cinco pasos básicos:

- Leo
- Subrayo
- Esquematizo
- Memorizo
- Repaso

■ Organizo el tiempo de estudio y los

repasos antes de los exámenes y no me cogen por sorpresa las fechas de entrega de trabajos.

■ La noche antes del examen descanso lo suficiente.

■ Cuando me entregan el examen corregido me fijo en las preguntas en las que he fallado para no volver a cometer los mismos errores.

■ Voy apuntando en una agenda las fechas de entregas de trabajos y exámenes, días señalados...

■ En general, considero que le saco partido al tiempo que dedico a mis estudios.

Pon un río na túa vida

Os galegos estamos tan adoitados á abundancia da auga que non somos conscientes da fortuna que é vivir na terra dos mil ríos

Poucas paisaxes hai tan asombrosas como a dun río. Un calquera, así sexa o Amazonas ou o arroio máis diminuto e breve. Basta con pensar de que está feito. Para empezar, de auga, claro. Pero de onde vén esa auga? Cantas voltas terá dado polo planeta, polos seus océanos, xeos ou ceos, antes de pasar ante os teus pés? Máis aínda: que sería da vida sen ela, sen a auga? E postos a preguntar, que sería dun río sen vida? Porque un río non é só auga que pasa dun lugar a outra por unha canle. É moito moitísimo máis. A fondura do val profundo ou a conca suave que escavou ao longo dos séculos. A vexetación que crece nas súas ribeiras, formando ás veces un túnel verde e fresco. As troitas, salmóns, ras, plecópteros, tricópteros, libélulas, picapeixes, garzas, lontras... Todo iso é un río.

Támén son un río os brillos da luz do sol na súa superficie tras coarse entre as ramas, o rumor da súa corrente, o estrondo dos seus rápidos, o goteo tenaz do seu nacemento, alá onde estea. E os trilos e reclamos de cantas aves viven entre as montañas de onde parte e a súa desemboadura, esta ás veces convertida nun fabuloso labirinto de marismas e canavais. Tamén, na nosa terra, son parte dos ríos tantas pontes ou muíños construídos con respecto por esas veas transparentes que atravesan as nosas paisaxes.

Unha das descricións máis sintéticas e soadas de Galicia débémola a Álvaro Cunqueiro: «a terra dos mil ríos». Hai moitos máis que mil, por suposto. Pero para quen veñen de fóra, eses xa son unha barbaridade. O certo é que estamos aquí tan adoitados a gozar da auga que corre que ás veces, incluso demasiado a miúdo, non caemos na conta da fortuna que temos ao poder gozar de semellante tesouro. Para valoralo na súa xusta medida temos que compararnos con tantas comarcas máis áridas de tantos lugares de España e do mundo. Ou sufrir episodios de seca tan estremecedores como o que nos tivo en albas o ano pasado, que esperemos vaia fi-

nalizando coas choivas destes días.

Aí vai outro refrán: acordarse de santa Bárbara só cando trona. Aínda que coas tormentas adoitan vir choivas que alimentan os nosos ríos, ao que este dito popular fai referencia é a esas persoas que só se acordan de valorar o que teñen cando temen perdelo. Para a Igrexa, santa Bárbara protexe as persoas e os seus bens fronte ás tormentas. Por iso é polo que se lle reza con maior frecuencia ante a inminencia de nuboeiros escuros cargados de electricidade.


A SAÚDE DOS NÓSOS RÍOS

¿Cal é o estado de saúde dos nosos ríos? O de moitos deles non é bo. E o dalgúns é malo ou moi malo. Á seca dos últimos meses veñen sumando desde hai décadas agresións como a chegada de augas contaminadas, a curta da súa vexetación de ribeira, as explotacións excesivas de eucaliptos nas súas ladeiras, o encoro ou a captación abusiva das súas augas, a presenza de lixos, a transformación das súas canles mediante maquinaria pesada... Bastará con rezar para que estes atentados desaparezan ou con confiarnos en que alguén aparecerá que lles poña remedio? Ou será mellor que cada un de nós, sexa cal for a nosa idade e ocupación, nos dispoñamos a resolvelos, na medida das nosas capacidades?

A mellor capacidade de quen estudan é, resulta evidente, o estudo: a curiosidade, a inquietude investigadora, o entusiasmo polo descubrimento, a tenacidade coa que, pinga a pinga, constrúese esa corrente de ganas de saber e de construír un mundo mellor para ti e para os teus. Unha corrente que logo non che abandona xamais. Así que, por que non dedicala tamén a un río? Nestas páxinas propómosche algunhas ideas sobre como facelo. Pero seguro que a ti e á túa clase ocorrensevos moitas máis.

> Antonio Sandoval Rey

asandovalrey@gmail.com



Un salmón salta un caneiro no río Ulla para remontar a corrente

Adopta un río

A custodia de ríos está de moda. E aquí é a Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) unha das organizacións con maior traxectoria nese traballo. En esencia, consiste en preocuparse polo estado de saúde actual ou futuro dun río ou dun dos seus tramos, e pórse ao choio para que se recupere cando non sexa o mellor ou para que non enferme das ameazas que poida chegar a sufrir. De paso, apréndese unha chea acerca dos ambientes fluviais e como contribuír a protexelos, e hai

numerosas oportunidades ao longo do ano de participar en actividades en grao sumo interesantes.

Adega editou un completo *Manual de custodia fluvial* que explica os pasos que dar para asumir de forma eficaz a responsabilidade de vixiar a saúde de calquera río. Merece moito a pena lelo, pórse en contacto cos coordinadores deste proxecto e sumarse a esta tarefa tan necesaria.

■ **Tes toda a información, e os documentos en descarga como PDF en:** <http://www.proxectorios.org>



Medición dos niveis bioquímicos do río Vilaboa (na Chainza), unha actividade de Voz Natura

Explora Tu Río

Así se chama unha exitosa campaña de educación ambiental que desde hai xa máis dunha década se desenvolve cada curso escolar en Cantabria. Aínda que está deseñada pensando nos escolares desa comunidade autónoma, dispón dun material moi interesante para profesorado e alumnado de calquera outro lugar. A súa intención é facilitar as ferramentas de coñecemento necesarias para valorar a importancia dos cursos fluviais, a través de proxectos de investigación que inclúen a procura de información, a exploración



Web da

SIMÓN BALVÍS



MIGUEL SOUTO

Investiga: dúas historias actuais

Estes meses dúas comarcas de Galicia viven pendentes doutras tantas polémicas relacionadas con ríos. Investigade en clase de que se trata en cada caso, e as posturas e argumentos das diferentes partes implicadas. Para terminar, extrae de vosas propias conclusións.

Unha delas é a intención dunha internacional mineira de abrir unha gran mina de cobre nos municipios de Touro e O Pino, preto de Santiago de Compostela. Afirmouse que, de saír adiante este proxecto, as augas alí utilizadas poderían chegar río abaixo ata a ría de Arousa, o que creou enorme inquietude entre quen alí viven da pesca e o marisco.

A outra ten por escenario o río Verdugo, en Pontevedra, en concreto á altura de, entre outros, os concellos de Ponte Caldelas e Soutomaior. Sucede aquí que o Concello de Vigo, ante a seca destes meses, aspira a bombear auga dese río protexido cara ao encoro de Eiras. O cal espertou a alarma entre multitude de colectivos da comarca.

Investigade as noticias relacionadas con ambas as polémicas que viñeron aparecendo neste xornal a través da súa hemeroteca dixital:

■ www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/

De excursión literaria á beira da corrente

Outra forma de coñecer un río é a través das emocións e a creatividade. Son infinidade os poetas ou pintores que se inspiraron en ríos, ou que os retrataron tanto en versos como en lenzos. Algúns dos primeiros deixaron para sempre versos tan inesquecibles como estes de Jorge Manrique, que teñen máis de cinco séculos: «As nosas vidas son os ríos / que van dar no mar, / que é o morrer...».



Moito tempo atrás, o grego Heráclito escribira aquilo de que ningún se baña dúas veces no mesmo río, pois o fluír da corrente cambia de forma constante as súas augas. Xunto a un río estas ideas pénsanse doutro xeito: compróbo.

Máis recentemente, hai un século, o francés Eliseo Reclús escribiu un libro moi fermoso sobre a historia dun río desde que nace ata que chega ao mar titulado *O arroio*. Por esa mesma época o británico Jerome K. Jerome publicaba *Tres homes nunha barca*, divertidísimo relato dunha excursión polo Támesis de tres amigos londinienses. Hai moitas máis obras literarias ambientadas en ríos. Búscasas, faite con unha, busca un lugar apartado xunto a unha corrente mansa ou inqueda e déixate levar.

■ **Atoparás moitas propostas de poemas e prosa en galego nesta web:** www.rios-galegos.com

Unha muiñeira

Gran parte da nosa música tradicional non se entendería sen ríos. Ou se non, de onde ía saír a muiñeira? O cal, por certo, di moito da importancia dos ambientes fluviais na nosa historia. Seica non exista lugar mellor para escoitar unha muiñeira que xunto a un río, imaxinando un muíño en pleno funcionamento, e a quen terminaron de moer nel o gran comezando a tocar e cantar. Nesta páxina web tes moitas muiñeiras tradicionais para escoitar ou descargar, tanto en forma de partitura como de gravación:

■ <http://www.folkotecagalega.com/pezas/muineiras>



JORGE PARRI

A muiñeira é un baile que reflicte a importancia dos ríos

ro



a campaña Explora Tu Río

de tramos de ríos, a análise das súas augas e da súa fauna e flora, a calidade da vexetación das súas beiras... Todo iso, mediante sucesivas unidades didácticas moi prácticas.

■ **A súa páxina web é** <http://exploraturio.com>



BRIAN BURGER

Ruta, situada en Austria, da rede EuroVelo. Á esquerda dos ciclistas pódese ver un dos sinais verdes característicos destes traxectos

Toda Europa en bicicleta

O proxecto EuroVelo, que inclúe miles de quilómetros para percorrer sobre dúas rodas, tenta unir toda a costa galega a través dunha ruta

A costa galega dende a desembocadura do Eo, pegada a Vegadeo (primeira po-boación asturiana), ata Tui e mais unha vía que vaia dende Santiago e morra en Fisterra xuntándose á anterior. Ese é o proxecto que acaba de pór enriba da mesa un grupo de seis asociacións de ciclismo galego, a Coordinadora Galega da Bicicleta, e que pretende integrarse nun de dimensión europea chamado EuroVelo. En realidade, a segunda parte é continuación da proposta de EuroVelo, rematada sobre o papel, que uniría Ponferrada, en León, con Compostela.

Esa vía pola costa galega para bicicletas significa deseñar e preparar 866 quilómetros. No horizonte, non só ter un proxecto sustentable e de boa imaxe, senón tamén atraer a un turismo que adoita ser de alto poder adquisitivo. E máxime porque Portugal está traballando na mesma liña, e nun futuro próximo sería lóxico que o itinerario galego acabase en A Guarda e continuase por territorio luso a partir de Caminha, río Miño por medio.

EuroVelo existe dende 1997, un fillo da Federación de Ciclistas Europeos, que quere ter en total 70.000 quilómetros



ÁNGEL MANSO

A senda ártabra, entre a praia de Ponzoas e Meirás

senalizados en practicamente todos os países europeos. Se as cousas viñeran rodadas, a comezos da vindeira década estará presente tamén en Galicia.

En realidade, o proxecto non é tan irrea-

lizable como a alguén lle puidese parecer a primeira vista. A Unión Europea ten en carteira un sendeiro litoral (o E09, GR-11 ou Sendeiro Atlántico) que une San Petersburgo (Rusia) co cabo San Vicente (Portugal). En moitos países hai anacos feitos e outros en obras. Mesmo en territorio luso toda a costa suroeste ten máis dun cento de quilómetros sinalizados no que aló chaman a Rota Vicentina (que se prolonga polo interior), dende o propio cabo San Vicente ata Santiago do Cacém.

Galicia xa pode presumir de ter un anaco, o chamado Costa Ártabra, que une Cobas (Ferrol) co monte Campelo en Meirás (Valdoviño). Son máis dunha ducia de quilómetros que se fixeron pensando tamén nas bicicletas, a pesar de que unha costa só é para os que estean moi en forma.

A iso hai que lle sumar o gran labor que un grupo de voluntarios están facendo na Costa da Morte deseñando e promovendo a que con moita xustiza chaman a Ruta dos Faros. E, por certo, nesa ribeira coruñesa hai outro tramo: o que une Arouco co faro de cabo Vilán. Impresionante.

> Cristóbal Ramírez

Os beneficios de ir en bicicleta

■ **EDUCATIVO:** Ir en bicicleta é algo educativo. Edúcase o corpo dunha maneira xénérica, pero tamén o ollo, o olfacto (algo que indo nun coche é moi difícil) e o sentimento de pertenza a un grupo cando non se viaxe só, así como o respecto pola natureza.

■ **DEPORTIVO:** O ciclismo é xa un deporte de masas, como queda patente na Vuelta a España ou no Tour de Francia. É un exercicio moi saudable que fortalece a resistencia e ensancha os pulmóns. Sempre require de estiradas ao rematar, con especial atención ao lombo.

■ **FAMILIAR:** É un dos poucos deportes que se adoita practicar coa familia. As excursións familiares son habituais nos países do centro e o norte de Europa. Dende a Coordinadora Galega da Bicicleta pensan que esta faceta se potenciará de maneira espectacular se se crea a vía pola costa.

■ **DIVERTIDO:** Sono practicamente todos os deportes, pero este exige menos concentración ca outros, como por exemplo o tenis, onde o mínimo despiste implica perder. Aquí non se gaña nin se perde: gózase.



actividades

Enlaces que cómpre visitar

■ En es.wikipedia escribe «Sendero de la costa de Gales».

■ En prensaescuela.es vai á Noticia do día, selecciona abaixo Consultar outra data. Elixe o día 11 deste mes e atoparás dúas dúas de enlaces e máis actividades.

■ Sobre Portugal e a Ruta Vicentina: losviajeros.com/noticias.php?n=1114

■ Senda ártabra: <http://bit.ly/2D8062m>, con tres vídeos, un de parapente, outro paisaxístico e outro do percorrido en bicicleta.

Para artistas:

Toda a clase pode coller mapas de anacos da costa galega (imprimíndoos dende Google Earth, por exemplo) e debuxar por grupos ou individualmente o traxecto do itinerario costeiro. Ollo: hai que ter en conta vivendas, industrias e zonas de especial protección como as marismas. Que iría vendo o ciclista polo tramo que debuxas?

> ENTREVISTA | CRISTINA BERNABÉ DIRECTORA DE VISITBRITAIN PARA O SUR DE EUROPA

«Gales está á vangarda»

«Gales está á vangarda» en canto á explotación turística sustentable dos seus 1.400 quilómetros de costa. E é que de norte a sur é posible percorrela por un sendeiro inaugurado no 2012 que mesmo cruza un parque nacional (o Pembrokeshire National Path, 299 quilómetros impresionantes). Moitos tramos son accesibles en bicicleta.

Cristina Bernabé, directora para o sur de Europa de VisitBritain (o organismo oficial de promoción do turismo británico) cre que Gales é «unha alfaia aínda descoñecida, cunha gastronomía digna de mención e unha gran cantidade de

opcións para o turismo de aventura».

—E máis rendible o turismo de camiñantes ou o de ciclistas?

—Nós non podemos facer diferenza en termos de rendibilidade, cada viaxeiro busca un tipo de experiencia diferente.

—Pois atender a todos...

—É que por iso nos centramos moito na personalización, en que cada persoa que viaxe atope a súa propia Gran Bretaña.

—Por certo, por que en Gales non son tan populares as bicicletas de montaña como no norte de España?

—O turismo de bicicleta está experimentando un bum en toda Europa, aínda que



Cristina Bernabé

no caso de España é destacado.

—Nótase en Gran Bretaña?

—Estase notando tamén, si, por iso os destinos deben responder a esta demanda creando conceptos adaptados como esta ruta ao longo da costa de Gales.

La lechuza común, ave del año

La Sociedad Española de Ornitología ha decidido por votación popular dedicar el 2018 a esta rapaz nocturna para hacer visible su vulnerable situación actual

ip Cada año nuevo, desde hace 30, la Sociedad Española de Ornitología (SEO/BirdLife) escoge, por votación popular, un ave para dar a conocer su situación vulnerable. El 2018 es el año de la lechuza común, cuyas poblaciones han disminuido en la última década cerca de un 15%, hasta el punto de descender en ciertas zonas de España hasta la mitad. Entre las amenazas que asedian a esta rapaz nocturna destacan la transformación del medio rural, que provoca la pérdida de sus hábitats, y los envenenamientos, por el empleo masivo de plaguicidas.

La lechuza común (*Tyto alba*) vive en toda la península ibérica, las islas Baleares, Ceuta y Melilla. También en las islas Canarias occidentales. Tiene una altura de entre 32 y 40 centímetros, más o menos lo que mide un periódico de largo, y pesa alrededor de medio kilo. Esta rapaz nocturna es capaz de volar en silencio gracias a la estructura de sus plumas, lo que le permite cazar de forma muy efectiva. Además es especialista en volar lento, para poder localizar mejor a sus presas. A diferencia de otras aves, los ojos de la lechuza están en posición frontal, algo que le proporciona una mirada característica. Su vista tiene casi el doble de sensibilidad a la luz que la del ser humano, por lo que percibe todo lo que se mueve, y la mejor manera de despistarla es permanecer inmóvil.

ALIADA DE LOS AGRICULTORES

En muchos países europeos, se considera a las lechuzas aliadas de la gente del campo porque son carnívoras y suelen alimentarse de pequeños mamíferos, como ratones o topillos. De hecho, hay redes de postes y cajas nido para permitir que cacen y coman a los roedores que afectan a los cultivos. Engullen a sus presas por completo, pero no digieren la piel, el pelo



ni el esqueleto. Este tipo de desechos los regurgitan más tarde en una bola llamada egagrópila (como la de la imagen).

La mala situación actual de la lechuza común, que está protegida a escala nacional, incluida en el Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial, pone de manifiesto algunos de los problemas sociales y ambientales que atraviesa el campo en España. La despoblación del rural hace que, por ejemplo, las lechuzas pierdan sus lugares tradicionales de anidación, como campanarios, caseríos o granjas, ya que esta ave no construye nidos, sino que aprovecha todo tipo de huecos. Su declaración como ave del año 2018 fomentará que mejoren el hábitat y las condiciones de esta especie. Entre otras medidas, desde SEO/BirdLife harán difusión y promoverán la conservación de la lechuza común. Entre otras cosas, favo-

recerán su presencia en núcleos urbanos con la instalación de cajas nido.

RAPACES NOCTURNAS

Los búhos, las lechuzas o los mochuelos pertenecen al mismo orden de aves, las rapaces nocturnas. Este orden se divide en dos familias: la de las lechuzas y la de los estrígidos, que incluye el resto. Las principales diferencias entre lechuzas y búhos están en los ojos (amarillos en el búho real, el más común en la península ibérica, y negros en el de la lechuza) y en que el búho tiene mayor envergadura.

> Bibiana García Visos

Las poblaciones de lechuza común disminuyeron cerca de un 15% en los últimos 10 años. Abajo, restos regurgitados por esta ave



La ONU aprueba dedicar un año internacional a los camélidos

TF El Comité de Agricultura de la Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura (FAO, por sus siglas en inglés) ha aceptado declarar el 2024 Año Internacional de los Camélidos, para fomentar la producción y el consumo de su carne.

Además de camellos y dromedarios, las llamas, alpacas, guanacos y vicuñas también son camélidos. Animales robustos y longevos, llevan miles de años abasteciendo a la humanidad de alimento, abrigo y transporte. Hoy en día aún son el principal medio de subsistencia para millones de personas en cerca de 100 países de Asia, el norte de África y América del Sur. Las cuatro especies de camélidos de Sudamérica –llamas, alpacas, vicuñas y guanacos– proporcionan fibras para la elaboración de ropa a las comunidades indígenas. En el norte de África y Asia, los camellos y dromedarios son indispensables para la vida de los pastores nómadas, sobre todo como animales de carga.

LECHE DE CAMELLA

En la isla de Fuerteventura, donde se encuentra la mayor concentración de camellos de Europa



La mayor población de camellos de Europa está en Fuerteventura

con más de 300 animales, un grupo de científicos de la Universidad de Las Palmas de Gran Canaria, la Universidad de Autónoma de Barcelona y la King Saud University de Arabia Saudí llevan a cabo un proyecto piloto sobre la leche de camella, que parece poseer valores nutritivos superiores en muchos casos a los de la leche de otros animales, como la de vaca. Lo más destacable es su alto contenido en vitaminas y sus bajos niveles de grasa.

actividades

Rapaces nocturnas

Haz una lista con las principales diferencias que puedes observar entre estas tres especies de rapaces nocturnas: el mochuelo, la lechuza común y el búho real.



Para curiosos

Charla

¿Sabías que los camélidos se originaron en América del Norte, donde ya no habitan? Descúbrelo en el documental «El imperio de los camellos»: <http://bit.ly/2D3Yats>



ADJETIVOS CALIFICATIVOS: ANIMAL

Historias del reino animal

En el Flos Sanctorum se dedica la fecha del 17 de enero a la vida de Antonio Abad, natural de Egipto, explicando que se suele representar al santo con el hábito monástico, adornando el

bastón con una pequeña campanilla y acompañado de un puerco. No está claro el porqué de la elección de un animal que tradicionalmente es signo de impureza, pero es el caso que ha dado motivo para que en numerosos pueblos de España se tuviese la costumbre de dedicar a ese santo un cerdo, que andaba suelto por las calles y era alimentado por los vecinos. Luego el animal se subastaba o vendía, y el importe recaudado servía para el culto del santo eremita. También sin motivos claros, hoy san Antón se ha convertido en patrono de todos los animales domésticos, y no falta quien en este día acude con las mascotas a un templo para que reciban una bendición. Las compañías animales son ahora de lo más variado, y existen referencias de que allí se presentan con sus dueños no solo perros y gatos, sino también loros y otros pájaros, roedores varios y hasta tortugas o serpientes. Como se ve, no es frecuente adoptar ninguna compañía comestible. Las estadísticas de veterinarios de todo el mundo manifiestan que los compañeros animales más comunes son los gatos, seguidos de los perros y a mayor distancia de los peces, pequeños mamíferos, aves, reptiles y anfibios. Seguro que los lectores podrán citar otros bichos que también andan por el entorno familiar gozando de aceptación e incluso de afecto. Entre las mascotas más extrañas se encuentran animales que son grandecitos, como burros y cerdos miniatura, y otros más manejables, como iguanas, tarántulas e insectos varios.

Dentro de esa gran variedad habrá que tener mucho sentido común para poder establecer relaciones no conflictivas. Veamos. Hace pocos meses fue aprobado por unanimidad en nuestro Congreso de los Diputados el admitir a trámite una proposición de ley para que los compañeros animales dejen de ser considerados «bienes muebles o semovientes» y que sean reconocidos jurídicamente como «seres vivos dotados de sensibilidad», lo que implica que los susodichos tendrán sus derechos y que sus amos pasarán a tener obligaciones legales con ellos. El problema podría



Azulejo valenciano del siglo XIX. Ermita urbana de San Antonio Abad. Segorbe (Castellón)


radicar, como fácilmente se imagina, en que dentro del concepto animal se engloban criaturas de lo más diverso. Pero pudo ser peor. Hasta el siglo XIX los organismos naturales se clasificaban simplemente en animales o plantas, pero actualmente se reconocen (no sin polémica) cinco reinos para ordenar adecuadamente los seres vivos. Además del reino animal están el reino de las plantas, el de los hongos, el de las bacterias y el variado reino de los protistas, donde se incluyen, por ejemplo, algas y protozoos. Biodiversidad.

De todas las ideas filosóficas utilizadas para explicar el maravilloso fenómeno de la vida, la que tuvo más éxito es la idea de alma, o principio vital, y no es de extrañar que habiendo tantos

seres vivos diferentes y vidas tan complejas, hubiera que adjudicar respectivamente distintos tipos de almas. Pero siempre se cumpliría el requisito que imponían Platón, Aristóteles y demás para entender la vida: los que llamamos seres animados estaban dotados de un alma (*psyché*). Por cierto, que el mismo Aristóteles se inventó también aquello de que el hombre era por naturaleza un *zoon politikón*, es decir un animal político, tratando así de establecer una diferencia entre los otros animales, que pueden vivir en sociedades sin mayores problemas, y los seres humanos, que las organizan participando en ellas, y por ello tienen la manía de hacer leyes. El caso es que para el estagirita no somos realmente humanos si no estamos relacionados en esa sociedad. Pero con los hermanos animales hay muchas otras diferencias. Las creencias religiosas nos permiten marcar distancias cuando hemos de compararnos usando una sutileza exclusiva del gallego: os animais son coma nós, fóra a alma.

> Moncho Núñez Centella

Las compañías animales más comunes son gatos y perros, pero también hay quien opta por iguanas y tarántulas



actividades

1. La palabra «animal», como otras, puede funcionar como adjetivo o como sustantivo. Cuando dos de esas palabras se utilizan juntas, el orden de las mismas puede ser clave para diferenciar cuál es el calificativo. Es un caso paradigmático el chascarrillo reciente de que no es igual un político preso que un preso político. Algo parecido podríamos pensar con la definición aristotélica de animal político. Con la siguiente lista de adjetivos que pueden ser también nombres, forma parejas que sean ejemplo de lo antedicho: diario, médico, plano, periódico, golfo, estrecho, marrón, horario, esférico.

2. Las fábulas son relatos cortos donde los personajes pueden ser animales que adoptan características humanas, y así sirven para establecer moralejas. Averigua qué característica suelen representar los protagonistas de las siguientes fábulas:

- la zorra y el cuervo
- la cigarra y la hormiga
- el gato y el ratón
- la rana y la gallina

3. Entre las distintas acepciones que recoge el Diccionario para el término «animalada» no hay ninguna que pueda ser realizada por animales. Pon ejemplos de hechos que aparezcan en el periódico de hoy que puedan designarse con ese nombre.

4. Por mucho que lo parezca, el mustélido que aparece en el retrato de Cecilia Gallerani, amante de Federico Sforza, no es un animal doméstico. Su función en el cuadro es simbólica, quizás para representar belleza y pureza, cualidades que se atribuyen a ese carnívoro, sobre todo con su pelaje de invierno. Muchos otros animales se utilizaron de modo simbólico.



«La dama del armiño» (1490), de Leonardo da Vinci. Museo de Cracovia

Busca ejemplos donde a un santo se le represente acompañado de un lobo, un perro, un león, un toro, un águila, un cuervo, un caballo.

Palabras con historia

El proceso cultural es un proceso de domesticación que no puede llevarse a cabo sin rebeldía por parte de la naturaleza animal, ansiosa de libertad

Ernesto Sábato (1911-2011)

El dominio de sí mismo es lo que distingue al hombre de los entes

animales, y ciertamente nadie es hombre si no sabe ejercitarlo, pues es la raíz de todas las virtudes

Johann N. Gotz (1721-1781)

De todas las criaturas animales, el hombre es el único que bebe sin tener sed, come sin tener hambre y habla sin tener nada que decir

John Steinbeck (1902-1968)

Las fieras animales no matan nunca por placer. Solo al hombre divierte la tortura y la muerte de sus semejantes

J. A. Froude (1818-1894)

Creo haber encontrado el eslabón intermedio entre los seres animales y el *Homo sapiens*: somos nosotros

Konrad Lorenz (1893-1989)